



Concello de Pontevedra  
Registro xeral de Saída  
Número: 2018020336  
Data: 07/06/2018

Datos relativos ao acto que se notifica que se achega xunto co presente documento de notificación:	
Asunto:	OUTORGAMENTO DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA VARIOS EVENTOS DEPORTIVOS. NÚMERO DE REGISTRO: 2018003919. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2018/SUBDIREC/000008.
Número de expediente:	2018/SUBDIREC/000008
Destinatario da notificación:	FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO LG GAVIAN (CENTRO DEPORTIVO DE PONTILLON DO CASTRO) Nº S/N PONTEVEDRA - 36151 - Pontevedra
Tipo de acto:	Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra
Recursos procedentes:	Contra o acto que se notifica, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado competente desta orde de Pontevedra, nos 2 meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación (arts 46 e 14 da Lei 29/1998). Non obstante, potestativamente, poderá interperse recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución, no prazo de 1 mes, contado desde o día seguinte ao da presente notificación (art. 124 da Lei 39/2015). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.  O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, enténdendose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts 124 e 24.2 da Lei 39/2015). Neste caso poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Identificación mediante CSV do documento/s que se achega/n:

CSV (\*)

865IA7XZE314PC7C

(\*) Verificable en: <https://sede.pontevedra.gal>

(Notificación asinada electrónicamente polo Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra ou no seu caso por delegación desta.)

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO  
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL  
Cargo: SECRETARIO  
Data: 07/06/2018

Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:VG04DTGPP25ORLEM





**Trámite: certificación do acordo.**

D. Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

**Certifico:** que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 04.06.2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**7.- OUTORGAMENTO DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA VARIOS EVENTOS DEPORTIVOS. NÚMERO DE REXISTRO: 2018003919. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2018/SUBDIREC/000008.**

**I. ANTECEDENTES:**

1.- Por providencia da Concelleira da área de benestar social e deportes de data 18/04/2018. se ordena iniciar o expediente para outorgamento dunha subvención directa a Federación galega de piragüismo, NIF G36040764 para a organización do "Copa de España de maratón", "Copa de España 1000m cadete" e "Campeonato de España de pista senior e junior".

2.- Xúntase informe da Asesoría Xurídica de data 02/05/2018.

3.- O Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade contabilizou a operación contable necesaria para o outorgamento da subvención e a Intervención Xeral Municipal fiscalizou de conformidade o expediente o día 29/05/2019.

**II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda.

2.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.

3.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

4.- O artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra establece que é competencia da Xunta de Goberno Local a competencia para a adopción do presente acordo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión dunha subvención directa a Federación galega de piragüismo, NIF G36040764 tendo por obxecto o de realización da actividade "Copa de España de maratón", "Copa de España 1000m cadete" e "Campeonato de España de pista senior e junior", por importe de quince mil euros (15.000,00 €) e aprobar o modelo de convenio que se xunta como documento con CSV 4305QYLEENKMXTA4, coas modificacións introducidas pola Asesoría Xurídica e a

Intervención Municipal.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se detalla:

APLICACIÓN	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTE
2018-05-3410-48906	201800025925	15.000 €
IMPORTE TOTAL		15.000 €

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNANDEZ LORES  
Servizo: ALCALDIA  
Cargo: ALCALDE  
Data: 06/06/2018

Asinado por: RAIMUNDO GONZÁLEZ CARBALLO  
Servizo: ALCALDIA  
Cargo: CONCELLEIRO  
Data: 05/06/2018

Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:865IA7XZE314PC7C

